

ESTATUTO DO ESTUDANTADO DEPORTISTA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, no seu título XIV, «Do deporte e a extensión universitaria», recolle que: «a práctica deportiva na universidade é parte da formación do alumnado e se considera de interese xeral para todos os membros da comunidade universitaria», e que «as universidades establecerán as medidas oportunas para favorecer a práctica deportiva dos membros da comunidade universitaria e, no seu caso, proporcionarán instrumentos para a compatibilidade efectiva desa práctica coa formación académica dos e das estudantes».

Con posterioridade, a súa revisión pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, reitera no seu artigo 90 esta mesma consideración en relación coa práctica deportiva.

Nesta liña, os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019 do Consello da Xunta de Galicia, sitúan no artigo 2 como un dos seus fins «o fomento do desenvolvemento sustentable, a vida saudable, a cultura, o deporte e o voluntariado». No artigo 73 reconece, ademais, a práctica deportiva como parte da formación do estudantado, que debe ser garantida e establece a conveniencia de colaborar con outras entidades deportivas para que desenvolvan a súa actividade no seo da universidade, e xerar así maiores oportunidades de práctica.

O propio Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, concibe a actividade física e deportiva como un compoñente da formación integral do estudantado universitario e encoméndalles ás universidades diferentes actuacións para promover a actividade física e deportiva, como son o desenvolvemento de estruturas e de programas para acoller a práctica deportiva estudantil, e as condicións máis apropiadas segundo os usos. Para iso destínanse os medios materiais e os espazos suficientes como a promoción da compatibilidade da actividade académica e a actividade deportiva e, en concreto, coas persoas que contén co recoñecemento de deportistas de alto nivel estatal (DAN) ou autonómico (no caso de Galicia, DGAN), ou a elaboración de programas de actividade física e deportiva específicos destinados ao estudantado con diversidade funcional.

Na Universidade de Vigo, o Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo, aprobado no consello de goberno do 24/07/13 e modificado no do 13/11/18, establece como obxecto regular as accións encamiñadas a concretar a resposta organizativa e curricular que lles permitan acceder e permanecer na Universidade de Vigo ás persoas con necesidades específicas de apoio educativo, co fin de que poidan desenvolver a súa vida universitaria en igualdade de condicións ao resto do estudantado.

No ámbito da lexislación deportiva, o artigo 9 do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, de deportistas de alto nivel e de alto rendemento, recolle a esixencia para as universidades de considerar esta condición en procesos tales como cambios de grupos de docencia, ou as condicións máis apropiadas de horarios ou de exames, para os efectos de permitirles conciliar as súas aprendizaxes coas súas actividades deportivas, ou mesmo en aspectos como os requisitos de permanencia.

Por outra parte, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia reflicte no seu artigo 34 que: «A administración autonómica establecerá as formas de apoio para estes/as deportistas galegos, así como a súa inserción social e profesional durante a súa carreira deportiva e ao final desta». Igualmente, o artigo 35 inclúe a posibilidade de ampliarlles o recoñecemento de alto nivel ás persoas adestradoras e técnicas e ás persoas xuíces e xuízas, e árbitros e árbitras».

No propio Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia establécense, no seu artigo 23, as medidas específicas para favorecer a conciliación da actividade destas persoas deportistas no ámbito universitario.

Por último, no Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo, do 13 de abril de 2021, recóllese o dereito básico do estudantado a obter o recoñecemento académico pola participación en actividades deportivas, así como a conciliar os seus estudos coa vida laboral e familiar, e que se teñan en conta as súas circunstancias persoais.

É por todo isto que cómpre regular a consideración do estudantado deportista e establecer tamén medidas que permitan conciliar a vida académica coa práctica deportiva, na medida en que se acrediten as situacións persoais que requiran accións de apoio específico.

Artigo 1. Obxecto

É obxecto deste estatuto promover e apoiar o deporte universitario nas súas diferentes formas e niveis, polo que ten de achega á formación integral do estudantado, á integración na vida universitaria, á promoción de hábitos saudables e ao impulso dos valores intrínsecos á propia institución.

En concreto, preténdese por este medio fixar medidas que favorezan a conciliación da vida universitaria e deportiva, e que fomenten o recoñecemento académico das prácticas físico-deportivas pola súa achega á consolidación dos valores propios e das boas prácticas na Universidade de Vigo.

Artigo 2. Persoas deportistas universitarias

Consideraranse deportistas universitarios durante un curso académico os e as estudantes matriculados en estudos conducentes a unha titulación oficial da Universidade de Vigo cando desenvolvan algún tipo de práctica físico-deportiva. No caso do estudantado de centros adscritos, atenderase ao establecido nos correspondentes convenios de adscrición.

Artigo 3. Tipos de deportistas e requisitos

A consideración dos obxectivos, as condicións e a intensidade da práctica permiten establecer diferentes grupos de estudantes deportistas, de maneira que sexa posible orientar e modular as actuacións, os dereitos e os deberes que lles han corresponder en cada caso.

Para os efectos do presente estatuto, o estudantado deportista da Universidade de Vigo agruparase nas seguinte categorías:

- a) *Practicantes de base*. Inclúense, entre outras persoas, as participantes de forma habitual en actividades físico-deportivas incluídas nos abonos da Área de Benestar, Saúde e Deporte, as participantes en ligas e en campionatos internos, ou as representantes da Universidade de Vigo en competicións de ámbito autonómico, interterritorial ou que se desenvolven na eurrerrexión Galicia-Norte de Portugal.
- b) *Deportistas de nivel intermedio*. Inclúese o estudantado representante da Universidade de Vigo en competicións universitarias de ámbito estatal e internacional, as e os integrantes da sección deportiva da Universidade de Vigo e as persoas deportistas pertencentes a entidades federadas coas que se manteñan acordos de colaboración para fomentar a práctica deportiva universitaria e que participen baixo a denominación da universidade.
- c) *Deportistas de elite*. Inclúense as persoas competidoras, adestradoras ou xuízas deportivas que acrediten a condición de deportistas de alto nivel e as que participan en competicións de elite de ámbito nacional ou internacional, e que precisan conciliar a súa actividade académica coa súa carreira deportiva.

Artigo 4. Conciliación da actividade académica e da práctica físico-deportiva

En relación coas persoas practicantes de base, facilitarase, na medida do posible, que os programas deportivos, as instalacións, os horarios e demais condicións promovan a participación, en réxime de igualdade de oportunidades, de todas as persoas que integran a comunidade universitaria.

En relación coas e cos deportistas de nivel intermedio, desenvolveranse medidas específicas de apoio para favorecer a súa participación en representación da Universidade de Vigo. Algunhas destas medidas poderán levarse a cabo a través dos plans de acción tutorial (PAT) dos diferentes centros.

En relación cos e coas deportistas de elite, realizaranse os axustes precisos para facer compatibles as esixencias académicas e as deportivas, de xeito que poidan compatibilizar os estudos universitarios e as competicións, adestramentos, concentracións e demais actividades favorecedoras dun óptimo rendemento. Estas actuacións trataranse a través do Programa de apoio á integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE).

Artigo 5. Practicantes de base

Inclúense nesta categoría todas as persoas da comunidade universitaria que desenvolvan unha práctica deportiva de xeito regular con obxectivos de saúde, ocio, competición recreativa e/ou relación social. A este colectivo han de destinarse os programas principais de dinamización de actividades físico-deportivas desenvolvidos pola propia universidade.

Artigo 6. Dereitos das persoas practicantes de base

Correspóndenlle os seguintes dereitos a este grupo de persoas practicantes:

- Acceso ás instalacións deportivas propias da Universidade de Vigo nas condicións establecidas.
- Cobertura sanitaria específica do ámbito deportivo.
- Servizo de medicina deportiva e fisioterapéutica, nas condicións específicas establecidas nas correspondentes normas internas da Área de Benestar, Saúde e Deporte.
- Recoñecemento académico (ECTS) das horas dedicadas a actividades de aprendizaxe, adestramentos, concentracións e competicións.
- Certificado da participación nas competicións nas que participe en representación da Universidade de Vigo, de maneira que poida servir, tras avisar o profesorado, como xustificante da súa ausencia presencial ás actividades académicas.

Artigo 7. Deberes das persoas practicantes de base

Corresponderanlle os seguintes deberes a este grupo de persoas practicantes:

- Velar polo correcto uso das instalacións deportivas e respectar en todo momento a normativa de acceso e de uso.
- Atender a todo o establecido no regulamento de participación en competicións deportivas externas da Universidade de Vigo, cando participe en competicións interuniversitarias.
- Manter un comportamento acorde co código ético deportivo (Consello de Europa) nas relacións coas persoas organizadoras, árbitros/as e outros deportistas involucrados nas competicións ou actividades nas que participen.

No caso de incumprimento destes deberes, e tras o informe técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte, a persoa deportista poderá decaer nos seus dereitos.

Artigo 8. Deportistas de nivel intermedio

Terá esta consideración o estudiantado da Universidade de Vigo incluído nalgún dos seguintes supostos:

- a) Ter representado a Universidade de Vigo nos campionatos de España universitarios (CEU), campionatos de Europa universitarios (EUC), campionatos do mundo universitarios (WUC) ou Universiadas, na última edición organizada.
- b) Pertencer á Sección Deportiva Universidade de Vigo.
- c) Pertencer a unha entidade deportiva coa que a Universidade de Vigo subscriba un convenio de colaboración en vigor para promover a práctica deportiva entre o estudiantado universitario cando a participación inclúa representar a Universidade de Vigo.

O período temporal para aplicar esta consideración estenderase dende o curso académico no que se participe ata o curso académico inmediatamente posterior.

Artigo 9. Dereitos dos e das deportistas de nivel intermedio

Este estudiantado gozará dos seguintes dereitos, ademais dos xa establecidos con carácter xeral no artigo 6 do presente estatuto:

- Exención da obriga de asistencia presencial ás actividades académicas que coincidan con desprazamentos para participar en competicións e polo tempo estritamente necesario.
- Cambio de data para realizar as probas de avaliación.
- Gratuidade no uso das instalacións deportivas propias da Universidade de Vigo a través dun abono da Área de Benestar, así como nas actividades dirixidas asociadas a este.
- Asesoramento médico e dietético por parte dos servizos médicos da Área de Benestar, Saúde e Deporte.
- Valoración da súa condición de deportista nos procesos de selección dos programas de mobilidade.
- Aplicación das medidas específicas de apoio establecidas no programa PAT do seu centro.

No caso de incumprimento destes deberes, ou dos establecidos no apartado 7 deste estatuto, e tras o informe técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte, a persoa deportista poderá decaer nos seus dereitos.

Artigo 10. Deberes dos e das deportistas de nivel intermedio

Corresponderanlles as obrigas establecidas con carácter xeral no artigo 7 deste estatuto, ademais das seguintes:

- Participar nas convocatorias de adestramentos e de competicións para as que sexan requiridos.
- No caso de participación no PAT, comunicación desta circunstancia á Área de Benestar, Saúde e Deporte a través dos medios e dos procedementos dispoñibles para tal efecto.
- Con carácter xeral, e de ser necesario, comunicarlle cun mes de antelación á Área de Benestar, Saúde e Deporte os requisitos para a exención da obriga de asistencia presencial a prácticas, ou

a outras actividades docentes, e o cambio de data de probas de avaliación académica coincidentes cunha competición deportiva oficial.

Artigo 11. Deportistas de elite

Terá esta consideración o estudiantado da Universidade de Vigo con licenza federativa en vigor nunha modalidade deportiva incluída nalgún dos seguintes supostos:

- a) Deportistas co recoñecemento oficial de deportista de alto nivel (DAN) ou deportista galego de alto nivel (DGAN).
- b) Deportistas coa consideración de deportistas de alto rendemento pertencentes a un centro de tecnificación deportiva (CTD).
- c) Deportistas seleccionados polo equipo nacional, da modalidade deportiva correspondente, nos últimos dous anos, en calquera das súas categorías de idade.
- d) Deportistas participantes de maneira regular na máxima categoría estatal da súa modalidade deportiva, en categoría absoluta ou júnior, con licenza en vigor e que teñan representado a Universidade de Vigo en competicións interuniversitarias de ámbito nacional ou internacional na última edición organizada.
- e) Persoas adestradoras e técnicas, e xuíces e xuízas, que participen de maneira regular na máxima categoría estatal ou teñan a consideración de DGAN ou DAN.
- f) Deportistas erasmus e doutros programas de mobilidade cun nivel deportivo equiparable aos que se inclúen neste apartado.
- g) Deportistas do Programa da Asociación de Deportes Olímpicos (ADO) ou do Programa de apoio ao deporte obxectivo paralímpico (ADOP).

Artigo 12. Dereitos dos e das deportistas de elite

En cumprimento do establecido no artigo 23.2 do Decreto 165/2020 da Xunta de Galicia, cada deportista gozará dos seguintes dereitos:

- Elección do horario, quenda ou grupo, nos casos en que sexa posible, para compatibilizar a asistencia á clase coa súa actividade deportiva.
- Xustificación de faltas de asistencia das sesións lectivas, de carácter obrigatorio, por participar en competicións oficiais e nas concentracións e nos adestramentos da selección española, mediante a correspondente certificación da federación deportiva.
- Flexibilización do calendario de exames cando coincida con competicións oficiais e con concentracións e adestramentos da selección española, xustificadas mediante a certificación da federación deportiva correspondente.
- Programas específicos de atención e de axuda para facilitar a conciliación dos estudos cos adestramentos e a práctica deportiva.
- Obtención do recoñecemento de ata 6 créditos ECTS pola súa actividade deportiva.
- Reserva non inferior ao 5 % en prazas das residencias universitarias.

Corresponderanlles as seguintes medidas, ademais das xa establecidas con carácter xeral nos artigos 6 e 9 do presente estatuto:

- Recoñecemento, tras solicitar a condición de estudante con necesidades especiais.
- Obtención, logo de solicitar a condición de estudante a tempo parcial.
- Valoración da súa cualificación de deportista de elite como mérito nos procesos de selección dos programas de mobilidade.

O período temporal de aplicación desta consideración estenderase dende o curso académico no que se recoñeza ou participe ata o curso inmediatamente posterior.

Artigo 13. Incorporación dos e das deportistas de elite ao programa PIUNE

As persoas estudantes incluídas nesta categoría poderán solicitar a participación no Programa de integración de universitarios con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE) da Universidade de Vigo.

A participación é voluntaria e ten carácter anual, polo que será preciso realizar unha solicitude de acordo co procedemento establecido con carácter xeral.

Artigo 14. Rexistro de deportistas de elite

A persoas estudantes incluídas nesta categoría, e que teñan intención de acollerse aos beneficios recollidos nos apartados 12 e 13 do presente estatuto, haberán de formalizar a súa inscrición no rexistro de deportistas de elite, dispoñible na aplicación informática campusactivo.uvigo.gal.

Artigo 15. Deberes das persoas incluídas no rexistro de deportistas de elite

Corresponderanlles as obrigas establecidas con carácter xeral nos artigos 7 e 10 deste estatuto, ademais das seguintes:

- Colaborar coa Universidade de Vigo na divulgación e na promoción do deporte universitario, as boas prácticas no ámbito deportivo e os hábitos de vida saudable.
- Representar a Universidade de Vigo cando sexa requirido para tal efecto. Esixirase documentación acreditativa no caso de non ser compatible coa súa planificación anual de adestramentos e de competicións.
- No caso de incluírse no programa PIUNE, cumprir con todas as obrigas establecidas con carácter xeral para os e as participantes no programa; entre elas a xustificación documental de todas as faltas de asistencia.

No caso de incumprimento destes deberes ou dos establecidos nos apartados 7 e 10 deste estatuto, e tras o informe técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte, a persoa deportista poderá decaer nos seus dereitos.

Artigo 16. As boas prácticas en actividades e en competicións deportivas

A Universidade de Vigo establecerá os procedementos oportunos para salientar e poñer en valor as boas prácticas no ámbito da actividade físico-deportiva, canto menos cunha periodicidade anual. Para tal efecto, terase en conta o recollido no código de ética deportiva do Consello de Europa.

No referente ás condutas indebidas e ás medidas e ás consecuencias destas, terase en conta o establecido no Regulamento de participación en competicións externas da Universidade de Vigo.

Artigo 17. O Comité de Boas Prácticas

Correspóndelle a este comité establecer as medidas correspondentes ás condutas indebidas e resolver os expedientes sancionadores correspondentes.

Este comité actuará segundo os procedementos propios da Comisión de Extensión Universitaria e a persoa responsable da dirección técnica da Área de Benestar, Saúde e Deporte iniciará os expedientes tanto por propia iniciativa coma por instancia de calquera persoa interesada.

Artigo 18. Composición do Comité de Boas Prácticas

Este comité estará integrado por tres persoas pertencentes á Comisión de Extensión Universitaria e outras dúas elixidas entre o persoal técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte; deberá de renovarse, total ou parcialmente, cada dous anos.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte de publicarse na páxina web da Universidade de Vigo tras aprobalo o Consello de Goberno.